

# Informe-memoria de xestión

## da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblar 2016-2017

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2016, que tivo lugar o 20 de febreiro en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as liñas de acción da asociación para o período interasemblar 2016-2017.

O plan de acción aprobado era ambicioso e, aínda que non se cumpriu na súa totalidade, desde a Xunta Directiva facemos unha valoración aceptable do nivel de cumprimento e dos obxectivos acadados. Desenvolvéronse as accións máis esperables da entidade (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua, formación, etc.) e as máis estabilizadas e que supoñían continuidade dos anos anteriores (colaboración con outras accións formativas, encontros, LGx15, etc.). Tamén se iniciaron outras accións que aínda non chegaron a materializarse (un manual de boas prácticas para a convocatoria de prazas de TNL, que está en proceso de elaboración).

En definitiva, desenvolveuse unha acción satisfactoria para, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

## Accións para o cumprimento dos fins da asociación

---

**1. Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.** As accións máis salientables que se desenvolveron neste punto foron as seguintes:

- Fíxéronse solicitudes e denuncias na procura de mellorar as condicións laborais en convocatorias de traballadores/as de normalización da lingua: [modificación das bases na convocatoria do Concello de Redondela](#), [continuación do proceso selectivo na Estrada](#), [modificación das funcións na convocatoria para o Concello de Muros](#). Destes escritos, só recibimos resposta do Concello de Redondela, que rexeitou a nosa petición e aproveitou para solicitarnos que propuxeramos catro persoas candidatas (dúas titulares e dúas suplentes) para formar parte do tribunal do proceso selectivo que desenvolveu este ano.



- Fíxose seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais en materia de normalización lingüística. En concreto, [solicitóuselle á Deputación Provincial de Deputación de Pontevedra unha mellora en próximas convocatorias](#) para contribuír á **creación de SNL** e a un **traballo en normalización lingüística profesionalizado e estable**.

Precisamente en relación coas axudas que se convocarán neste ano 2017, a Deputación de Pontevedra convidounos a participar na II Xornada de Normalización Lingüística que tivo lugar o 3 de febreiro en Pontevedra. Neste acto defendemos de novo o traballo en normalización lingüística a través de servizos técnicos e animamos aos responsables políticos que alí estaban a solicitar as axudas da deputación para crear SNL. Na xornada a Deputación presentou o borrador de bases deste ano, que ten como novidades un aumento do orzamento (ata 200 000 euros) e a procura do traballo transversal en varias áreas; pero continúa a manter subvencións para actividades en concellos sen servizos de normalización lingüística. De novo fixémoslles saber que a CTNL non está de acordo con este último tipo de axudas.

- Solicitóuselle á SXPL a [mellora na planificación da oferta formativa dos cursos Celga](#). Incidiuse, entre outras cousas, no **reducido número de cursos** e na **falta de coordinación cos SNL**, desaproveitando departamentos técnicos que poderían coordinar e planificar a formación no seu ámbito de incidencia.
- Iniciouse o traballo para elaborar un **manual de boas prácticas para a convocatoria de prazas de TNL**, que incluírá os contidos e características que deben ter as convocatorias, recomendacións, etc. Este traballo está en fase de elaboración: encargóuselle a Marcos Almeida Cerredá, profesor de Dereito Administrativo da USC e de momento ten compilada a lexislación e diverso material para acometer posteriormente a redacción do documento.

## 2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización dalgún curso organizado directamente pola CTNL. Dado o interese que había pola formación en creatividade, organizouse un **Obradoiro de pensamento creativo baseado no método CPS (Creative Problem Solving)**, que se desenvolveu en dúas edicións.

- **Obradoiro de pensamento creativo baseado no método CPS (Creative Problem Solving)**
  - Datas:
    - [1ª edición](#): 30 de xuño e 1 de xullo de 2016
    - [2ª edición](#): 9 e 10 de novembro de 2016
  - Duración: 12 horas
  - Lugar: Santiago de Compostela (A Nave de Vidán)
  - Participación: 23 alumnos/as (13 na primeira edición e 10 na segunda)



- Docente: **Natalia Nogueira López**, enxeñeira industrial, xerente de Serviguide Consultoría e especialista en xestión da innovación. Alén disto, ten certificacións en diversos métodos para desenvolver a creatividade: Método Lombard, Desing Thinking, Creative Problem Solving e Lego Serious Play Method.
- Valoración: esta actividade formativa foi valorada moi positivamente polo alumnado.

Alén do obradoiro organizado directamente pola CTNL, continuouse coa cooperación coa Universidade da Coruña para levar a cabo o Curso de verán sobre dinamización lingüística “Traballando en lingua”.

- **Colaboración no XII Curso de verán sobre dinamización lingüística #traballandoenlingua. Ámbito socioeconómico**

<http://traballandoenlingua.gal/>

- A colaboración da CTNL neste curso consistiu na proposta e no deseño do programa e na coordinación do curso.
- Lugar de datas: Carballo, 6 e 7 de xullo de 2016
- Participaron 36 persoas
- Sesións: diversas conferencias, mesas redondas, debates e presentación de experiencias. Interviñeron: Valentín García Gómez, Antonio Dieter Moure, Malú Bergantiños, Pedro González, José Manuel Naya, Fernando Ramallo, Xosé González, Chechu Pérez, Elena Ferro, Paula Vázquez, Noelia Antelo, Ana Olveira, Jakson Renner Rodrigues Soares, María José Jamarco Curros, José Ramon Pichel, Concha Diéguez, Ruth Caramés, Anxo Calvo Silvosa e Ramón Vilar Lavandeira.
- Valoración: a participación das persoas asistentes ao curso foi activa e a valoración feita tanto por estas como pola organización foi, en xeral, positiva. Grazas ao traballo conxunto de todo o alumnado do curso extraéronse [17 conclusións para mellorar o uso e a posta en valor do galego no ámbito socioeconómico](#), que se difundiron a través da prensa e do web da CTNL.

**3. Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e accións para o fomento do galego.** As accións máis salientables que se desenvolveron neste punto foron as seguintes:

- Por mor da campaña electoral para as **eleccións ao Parlamento de Galicia**, [propúxoselles ás principais organizacións políticas que concorrían ás eleccións autonómicas](#) que inclúsen nos seus programas electorais os seguintes puntos:
  - Realizar un traballo transversal co obxectivo de fomentar o uso e o prestixio do galego en todos os ámbitos e sectores.



- Destinar recursos económicos, técnicos e económicos abondos para implementar o Plan xeral de normalización da lingua galega nos ámbitos e sectores prioritarios para dar prestixio á nosa lingua e fomentar o seu uso.
- Desenvolver medidas que favorezan e promovan o traballo técnico en normalización lingüística a través de SNL estables, con capacidade de intervención social, dotados de recursos humanos e económicos abondos e con funcións claramente dinamizadoras, formativas e de asesoramento.
- Deseñar unha formación en lingua galega para adultos que chegue a toda a poboación, de maneira coordinada cos servizos de normalización lingüística e contando cun corpo de profesorado estable.
- Promover e aprobar textos legislativos que teñan como obxectivo potenciar o uso da lingua galega e darlle prestixio, alén de incluír cláusulas que axuden a promover o uso e o prestixio da lingua galega e os dereitos lingüísticos na lexislación non especificamente lingüística.

A proposta enviúselles ás principais organizacións políticas que se presentaban ás eleccións: Bloque Nacionalista Galego, Cidadáns, Compromiso por Galicia, En Marea, Partido Popular de Galicia, Partido Socialista de Galicia. Responderon á solicitude por carta ou correo electrónico o BNG e o PPdG.

## ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaboración cos **XVIII Encontros para a normalización lingüística**
  - Colaboración nestes encontros organizados polo CDSG do Consello da Cultura Galega, que tiveron lugar o 14 e 15 de abril de 2016 no Pazo de Raxoi, en Santiago de Compostela. Participaron arredor de 90 persoas.
- Colaboración con Nova Escola Galega na presentación en Compostela do **núm. 65 da Revista Galega de Educación**
  - Con motivo do lanzamento do número 65 da *Revista Galega de Educación*, dedicado á lingua na educación infantil, a CTNL participou na presentación en Compostela xunto co alcalde da cidade, o presidente d'A Mesa pola Normalización lingüística, o director da RGE e o coordinador do monográfico.
- Colaboración con diversas entidades en xurados de premios de lingua e normalización lingüística:
  - Coa Deputación Provincial da Coruña no xurado do VII Premio Rosalía de Castro de Lingua
  - Coas tres universidades galegas e a SXPL no xurado do XIII Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras



- Co Concello de Santiago de Compostela no xurado do XVII Premio Manuel Beiras ao Uso do Galego na Empresa
  
- Colaboración con diversas entidades na [presentación en Galicia](#) do Protocolo para a garantía dos dereitos lingüísticos
  - O acto estivo organizado pola Mesa pola Normalización Lingüística, e participaron tamén CIG-Ensino, Prolingua, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación de Profesionais da Rama Artística da Dobraxe de Galicia (Apradoga) e A Semente, escolas de ensino en galego. Tivo lugar o 17 de decembro de 2016.

## TRANSMISIÓNS DE IDEAS E FOMENTO DO GALEGO

- **Que se vexa! o galego**

No mes de maio [repetiuse a proposta \*Que se vexa! o galego\*](#), dirixida a todos os concellos, institucións, centros de ensino, entidades, etc., coa finalidade de que a celebración das Letras Galegas sirva para contribuír a visibilizar a lingua en todos os ámbitos e a dar unha imaxe máis moderna e atractiva do noso idioma. Deste xeito, propúxose o lema **Que se vexa! o galego**, xunto cun logo e un argumentario, para que quen quixese os utilizase para salientar esa idea de darlle protagonismo ao idioma e para destacar que os actos programados arredor das Letras se centrasen en visibilizar unha lingua viva e rica válida para todos o ámbitos e situacións.

Ademais, paralelamente, organizouse de novo a través de Twitter o [concurso #quesevexaogalego](#), para contribuír a visibilizar e, ao mesmo tempo, reivindicar o uso do galego en todos os ámbitos. Este ano o concurso durou tres semanas e houbo unha boa participación.

A valoración xeral, tanto da proposta como do concurso, é positiva, pois con moi poucos medios conseguiuase trasladar a mensaxe pretendida a boa parte de entidades.



- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua**

<http://lgx15.gal>

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

En novembro pasado desenvolveuse a segunda edición de [LGx15. Ideas para o futuro da lingua](#), o proxecto creado en 2015 co fin de compilar e difundir ideas, reflexións e experiencias que poden influír nas actitudes e na conciencia lingüística e no futuro do galego.

Nesta edición aumentouse o número de participantes respecto da edición do ano pasado, pero a estrutura mantívose similar. Interviñeron diversas persoas para transmitir, dun xeito breve, claro e visual –a través de charlas dun máximo de 15 minutos–, ideas e reflexións para influír no uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos.

No evento, ademais, houbo música e humor, o que o converteu nun acto festivo e divertido.

Todo o espectáculo foi gravado en vídeo e as diferentes charlas foron difundidas individualmente pola rede, coa finalidade de darlles a esas ideas a maior difusión posible.

Como novidade deste ano, gardáronse **60 entradas a prezo reducido** (2 euros) para ofrecérllelas a **grupos de alumnos/as de secundaria** acompañados/as por un/unha docente. Solicitaron entradas un grupo de 19 estudantes do IES Xulián Magariños de Negreira e outro de 6 alumnas do IES Arcebispo Xelmirez II de Santiago de Compostela.

- Charlas de 2016: María Yáñez, Alberte Lamazares, Diana Fernández e David Díaz, Rosalía Fernández Rial, Belén Regueira, Mark Wiersma, Elena Ferro e Marcus Fernández
- Presentación e condución do acto: os requeifeiros Josinho da Teixeira e Luís O Caruncho
- Actuación musical: Poetarras
- Data: xoves 24 de novembro de 2016
- Lugar: Sala Capitol de Santiago de Compostela
- Asistencia: aprox. 170 persoas
- Valoración: moi positiva en canto ao desenvolvemento do acto, así como as charlas e actuacións. O número de asistentes mellorou en relación co ano anterior, probablemente porque houbo máis tempo de difusión e de venda de entradas.

- **Agasallo.eu. Propostas de regalos en galego ([www.agasallo.eu](http://www.agasallo.eu))**

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu ([www.agasallo.eu](http://www.agasallo.eu)), para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, etc., para dar a coñecer e visibilizar creacións de diverso tipo que usan a lingua galega e para incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.

A plataforma tivo moi boa acollida inicial e, aínda que custou a implicación de empresas e entidades para participaren nela, pouco a pouco foi medrando o número de participantes e a cantidade e variedade de propostas que contén. En 2015 decidimos que a participación por parte das empresas comezase a ser gratuíta, a cambio da doazón dalgúns artigos para facer sorteos que permitan unha maior difusión da plataforma a través das redes sociais. Na actualidade a plataforma contén arredor de 400 propostas diferentes dunhas 50 empresas distintas.

- **Colaboración co III Festival de Contidos Dixitais Carballo Interplay**

Na terceira edición do festival a organización convidou a CTNL para colaborar en varias actividades para promover e analizar o uso da lingua galega nos contidos dixitais.

A primeira actividade foi a convocatoria dun [premio ao mellor proxecto de webserie en galego](#), co obxectivo de incentivar a produción audiovisual na nosa lingua. A CTNL colaborou formando parte do xurado.

Así mesmo, a programación do festival completouse cunha mesa redonda sobre a creación audiovisual para internet en galego ([Hai lingua para o tubo?](#)), que contou coa intervención de representantes de Poetarras, Páramo Pictures e Fame webserie e que foi coordinada por Nel Vidal, que representaba a CTNL. Nesta mesa redonda tamén colaboramos economicamente cos gastos de participación dos intervenientes.

- **Proxecto Apego**

En maio de 2015 púxose en marcha o proxecto **Apego**, para a socialización en galego da infancia, por parte de 12 concellos, aos cales se sumaron [11 máis no](#)



[ano 2016](#). Este proxecto, aínda que posto en marcha directamente polos concellos a través dos seus SNL, naceu por proposta da CTNL no Curso de verán Traballando en Lingua de 2014, e con traballo posterior de planificación e coordinación en 2015.

+Info: [www.apego.gal](http://www.apego.gal).

- **Proxecto Youtubeir@s**

En novembro de 2016 [presentouse o proxecto Youtubeir@s](#), tamén xurdido a partir dun curso de verán de dinamización lingüística, o de xullo de 2015, dedicado á mocidade. Este proxecto desenvólveno os SNL dos concellos da Baña, A Coruña, Ames, Carballo, Mazaricos, O Grove, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Santiago de Compostela e Teo e das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Combina un concurso de vídeos en galego para Youtube, en dúas modalidades (Vídeo-facermos e Vídeo-opinarmos), e formación específica de videocreación. O prazo para participar no concurso finaliza o 28 de abril de 2017.

+Info: <http://youtubeiras.gal/>

## OUTRAS ACTIVIDADES

- **Xornada lúdica: subida ao Pindo**

Tres anos despois do primeiro intento e coa boa excusa de celebrarmos 20 anos, [organizamos de novo unha subida ao monte Pindo](#). Desta vez tivemos máis sorte e, aínda que o tempo non foi excelente, si nos permitiu chegar á Moa nunha xornada para coñecer mellor o Olimpo Celta e reivindicar a declaración do Monte Pindo como parque natural. Colaborou con nós nesta actividade a [Asociación Monte Pindo Parque Natural](#), a través de Mario Maceiras, que nos serviu de guía.

## Accións organizativas e de comunicación

---

- Mantívose a cota dos/as socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.





- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:
  - Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
  - Comisión Cidadá de Normalización Lingüística do Concello de Vigo
  - Plataforma Queremos Galego
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas, etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
  - **Web:** mantívose actualizado o web, onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc.
  - **Boletín electrónico:** por mor das dificultades co servidor e os sistemas anti-spam, este ano cambiouse o boletín para a **plataforma en liña Mailchimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, rexeitadas, etc. Durante o período interasamblear enviáronse uns 25 boletíns.
  - Mantívose certa presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Sermos Galiza, Praza Pública e Galicia Confidencial*), que recolleron, en xeral, a información que se lles trasladou sobre accións, campañas, posicionamentos, etc. Tamén foi relativamente satisfactoria a presenza en medios en papel, radio e televisión, que difundiron algunha información da CTNL, sobre todo, relativa a accións concretas, coma o LGx15, o proxecto Apego ou o proxecto Youtubeir@s.
  - Continuou a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL como das páxinas e perfís de accións e campañas concretas, como Gústame o galego, Agasallo.eu, Como cho digo ;- ) ou LGx15. Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 24 de xaneiro de 2017):
    - Seguidores/as FB CTNL: 4.810 (-66)
    - Seguidores/as Twitter CTNL: 3.388 (+283)
    - Seguidores/as FB Agasallo.eu: 4.324 (+70)
    - Seguidores/as Twitter Agasallo.eu: 1.452 (+49)
    - Seguidores/as FB Gústame o galego: 15.784 (+226)
    - Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 6.496 (+260)
    - Seguidores/as FB Como cho digo ;- ): 4.488 (-2)
    - Seguidores/as Twitter Como cho digo ;- ): 1.676 (+124)
    - Seguidores/as FB LGx15: 1.121 (+438)

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL  
Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017